



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.
XMCR/jlgn
Refº: ACTA MESA CONTRATACION SORTEO
Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO DE CONVIVENCIA DE FINGOI, NA RÚA AVIACIÓN ESPAÑOLA, DE LUGO. EXPEDIENTE 52-2016. REALIZACIÓN DE SORTEO PARA A DETERMINACIÓN DA PERSOA ADXUDICATARIA.

Sendo as 13:00 horas do día 20 de febreiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Xefa do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Carmen Flores Pardo, Xefa do Servizo de Medio Ambiente, en funcións de Vicesecretaria.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- Don José Luis García Núñez, Auxiliar Administrativo da Sección de Patrimonio.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretaria.

Asiste así mesmo don David Moldes Soto.

Abre a sesión o Sr. Presidente e a continuación informa aos asistentes que dado que ningunha das persoas licitadoras achegou documentación acreditativa de que contaban á data de finalización do prazo de presentación de ofertas (6 de febreiro de 2017) con máis dun 2% de traballadores/as na súa plantilla que teñan discapacidade, procede realizar un sorteo a fin de determinar a adxudicataria da licitación.

De seguido solicítalle ao licitador presente que escolla entre “cara ou cruz”, elixindo “cara”. A continuación lanza unha moeda ao aire e deixándoa caer sobre a mesa, obsérvase que sae “cara”, polo que resulta gañadora a opción escollida por don David Moldes Soto.

Á vista do anterior, os membros da Mesa propoñen a adxudicación do procedemento de referencia, a don David Moldes Soto, na cantidade de 200 euros mensuais e demais condicións incluídas na súa oferta.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez



MURALLA